

## Normas de seguridade para a experimentación co UAV AscTec Pelican

O UAV AscTec Pelican é un aparato que, pola súa potencia, axilidade e capacidade de movemento, é potencialmente perigoso para as persoas que traballan con el. Por este motivo, establécense unha serie de medidas de seguridade para garantir o traballo co UAV nunhas condicións que minimicen calquera posibilidade de accidente durante o seu manexo:

1. Para poder experimentar co UAV é preciso solicitar permiso á dirección do CITIUS. O permiso será solicitado por un investigador adscrito ao centro, que será o responsable de tramitar a solicitude para o persoal en formación que traballa baixo a súa responsabilidade. O modelo de solicitude poderá atoparse na web do CITIUS.
2. Antes de traballar co UAV, os investigadores deberán facer un curso de formación e seguridade que garanta o emprego do UAV nunhas condicións que minimicen calquera risco. O curso impartirase no propio centro e poderá ser solicitado no momento da presentación da solicitude de autorización á que se refire o punto anterior.
3. Todos os experimentos realizados co UAV terán lugar no Laboratorio de Robótica. Non se poderá acender o UAV fóra deste espazo.
4. Co fin de garantir a seguridade dos investigadores, nos experimentos co UAV estarán presentes un mínimo de dúas persoas.
5. Antes de traballar co UAV será obrigatoria a lectura do manual de usuario e a ficha de riscos, depositadas no Laboratorio de Instrumentación e accesibles tamén a través da web interna do CITIUS.
6. O CITIUS dispón de guantes de protección ao dispor dos investigadores autorizados para a experimentación co UAV, cuxo emprego non será obrigatorio pero si recomendábel.
7. Non se poderá acender o UAV fóra dos espazos autorizados para o seu uso.
8. Só o persoal que conte con autorización poderá permanecer no Laboratorio de Robótica cando o aparato estea acendido. O persoal non autorizado deberá presenciar os experimentos dende o Laboratorio de Instrumentación.
9. O horario de experimentación co UAV será de 9:00 a 20:00 en días laborábeis. Fóra deste horario, deberase solicitar a correspondente autorización á dirección do CITIUS.
10. A experimentación co UAV en exteriores deberá contar coa autorización previa da dirección do CITIUS. Na solicitude indicarse sempre: data e hora de experimentación, persoal implicado e lugar no que se realizarán as probas. O seu emprego deberá axustarse á normativa vixente.
11. Excepcionalmente, permitirase o traballo dunha persoa tanto no laboratorio de robótica como no de instrumentación cando o UAV no teña as hélices colocadas, previa solicitude a dirección.

NOTA: As distintas solicitudes mencionadas nesta normativa poderán atoparse na web do CITIUS.